

MÉRCORES 27 DE MAIO DE 2020

1ª PRIMARIA

LINGUA

Bos días chic@s!!!!

Hoxe comezaremos poñendo un pouco de ritmo! Estade moi atentos: <https://youtu.be/DwpM3DCNyGg>

Que vos pareceu? Que están facendo?

Ide a páxina 50 do libro de espiral para traballar sobre o vídeo.

Lembrades que a semana pasada falamos do que era a comunicación?...dos medios de comunicación?...pois collede o caderno sen espiral e abride nas páxinas 68 e 69 (Para o primeiro exercicio, envíovos un audio....no exercicio 4 escribide ao lado dos debuxos, o nome do traballador/a e no exercicio 5, escribide debaixo de cada letra, dúas palabras que leven ese son. No exercicio 2 non necesidade axuda).

Lembrades que tamén xogamos co R forte e o R suave? Pois imos repasalo na páxina 71 do caderno sen espiral.

Remataremos o día, cos exercicios 1 e 2 da páxina 74. (No exercicio 1, separade as letras cun guión).

Biquiños para todos.... Espero os vosos traballos!!!!

EDUCACIÓN FÍSICA

Bo día chic@s! Como estades? Espero que moi ben.

Estas semanas estánnos dando uns días de sol moi de verán polo que, os retos de hoxe tamén serán moi veraniegos. Estades listos?

RETO 1: BIG FOOT

Hoxe convertiremonos en monstruos cun pé XIGAAANTE. Para iso necesitamos conseguir os nosos super pés. Podedes utilizar un pedazo de cartón, moldealo como se fose un pé e utilizar unha corda ou un lazo para atalo aos nosos pés.

Por exemplo:



Agora toca converterse en BIG FOOT, andando con eses super pés e intentando que todos nos teman...

RETO 2: A AUGA PATOS

Como esta semana está facendo bo tempo, tamén vamos a facer un pequeno xogo con auga. Este reto podedes facelo o día da semana que mellor vos veña a vosoutros.

Para este xogo necesitamos dous recipientes: un que esteña cheo de auga e outro baleiro.

O recipiente cheo de auga debemos introducirle algún obxecto, por exemplo: boliñas pequenas de papel albal, bolas de plásticos, pelotiñas, etc.

Deberemos sentarnos nunha silla e colocar os dous cubos a cada lado.

O obxectivo do xogo é pasar as bolas de un cubo a outro no menor tempo posible.

